



# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

## CURSO 2023-24

## IES DE VILALONGA



## ÍNDICE

I. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.....	3
II.HORARIO DO CENTRO .....	6
III.PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR.....	6
IVCALENDARIO XERAL DE AVALIACIÓNS.....	10
V.PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	111
VI.PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO .....	196
VII. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	196
VIII. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	207
IX. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO .....	207
X.PROGRAMACIÓNS ANUAIS .....	207
XI. PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO.....	207
XII. PLAN LECTOR ANUAL .....	207
XIII. PROXECTO LINGÜÍSTICO.....	217
XIV. PROXECTO DE ACTIVIDADES DO EDLG .....	217
XV. PROGRAMACIÓN FCT .....	217
XVI. CLUBS DE LECTURA .....	18
XVII. NOFC	18



## I. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Propoñemos os seguintes obxectivos para o curso 2023-24, a partir das propostas de mellora contidas na memoria de dirección do curso 2022-23 (hai que ter en conta que moitas desas melloras foron acometidas durante o verán):

1) Dentro do Plan de Formación do Profesorado que está implantado neste centro, en colaboración co CFR de Pontevedra, durante este curso teremos tres seminarios:

- Proxecto de promoción de vida saudable no IES de Vilalonga co obxectivo de seleccionar, dentro de cada materia, os contidos e criterios de avaliación da LOMLOE susceptibles de ser aproveitados para planificar e deseñar actividades que promovan a mellora do patrón dietético, da composición corporal e o fomento da actividade e benestar emocional na comunidade educativa.
- Convivencia positiva no IES de Vilalonga co obxectivo de desenvolver plans de actuación en mediación, titorización emocional e académica en alumnado con necesidades, problemas de conducta ou desmotivación.
- Radio escolar no IES de Vilalonga para favorecer o uso e o desenvolvemento das habilidades comunicativas, promover o coñecemento sobre temas transversais e dinamizar a vida do centro a través de podcasts elaborados polo profesorado e alumnado.

2) Debido á implantación do 2º curso de FPB Cociña e Restauración, debemos equipar unha aula para o segundo curso.

3) Reconfigurar a distribución de aulas para dar cabida axeitada aos extraordinariamente numerosos grupos de 2º de Bacharelato.

4) Rematar a substitución da carpintería das ventás do Edificio 1.

5) Instalación dunha carpa para a realización de actividades de Educación

Física, dado que non poderemos dispór do Pavillón Municipal, para o que solicitaremos a colaboración económica do Concello e da Xefatura Territorial.

- 6) Continuar coa revisión e actualización do material informático.
- 7) Rematar a renovación das pistas exteriores no entorno do Edificio 1 (pintura, canastras, porterías).
- 8) Acondicionamento e instalación de mobiliario en zonas exteriores.
- 9) Ampliación de zonas cubertas exteriores.
- 10) Continuar, na medida que as dificultades de espazo do presente curso o permita, coa Recuperación e equipación axeitada das aulas específicas: FQ, Música, Debuxo, Tecnoloxía, Idiomas.
- 11) Mellora e aproveitamento dos espazos exteriores mediante a instalación de mobiliario e ampliación de espazos cubertos.
- 12) Pintar o pavimento das pistas exteriores no entorno do Edificio 1 pavimentadas o curso pasado.
- 13) Revisión do proxecto lingüístico de centro.
- 14) Continuar a actualización e renovación dos documentos adaptados á LOMLOE.
- 15) Continuar coa implementación dos plans elaborados en cursos anteriores (TIL, PDC, Plan de Igualdade).
- 16) Continuar coa actualización do Plan de Convivencia e o Plan de Acción Titorial.
- 17) Fomentar o estudo por proxectos en colaboración cos distintos departamentos.
- 18) Avanzar na avaliación por competencias na liña seguida nos últimos anos.
- 19) Continuar co programa de reciclaxe nas aulas coa colaboración do Concello de Sanxenxo.
- 20) Continuar a dinamización da Xunta de Delegados como órgano de representación do alumnado e potenciar a convocatoria de reunións para favorecer a participación do alumnado na xestión e organización do centro.



- 21) Renovar as Comisións no seo Consello Escolar e incorporar novos comisionados en substitución dos que deixaron de selo.
- 22) Continuar e potenciar o programa TEI deseñando novas actividades e estratexias de convivencia e impulsar o programa TIEMO "Titoría emocional", establecendo unhas reunións periódicas entre os coordinadores e o Equipo Directivo.
- 23) Continuar e relanzar o programa de recreos dinámicos incorporando novas actividades que respondan aos intereses do alumnado.
- 24) Deseñar actividades que favorezan a convivencia do alumnado e a resolución pacífica de conflitos, poñendo énfase na necesidade do respecto e coidado das distintas sensibilidades mediante un trato cordial e amable.
- 25) Dinamizar a aula de convivencia.
- 26) Continuar co programa de reciclaxe nas aulas coa colaboración do Concello de Sanxenxo.
- 27) Deseñar actividades de convivencia para a FP Básica.
- 28) Potenciar á CCP como medio de dinamizar actividades interdepartamentais e a colaboración e participación en proxectos do profesorado.
- 29) Manter a xeneralización de Abalar Móbil como ferramenta de uso común na comunicación coas familias.
- 30) Potenciar a Biblioteca Escolar do Centro e as actividade promovidas polo equipo de biblioteca como a hora de ler, os clubs de lectura e as conmemoracións e eventos organizados.
- 31) Elaborar actividades e eventos dirixidos a pais/nais en colaboración coa ANPA.
- 32) Continuar co proxecto Radio na Biblioteca e fomentar o a radio do centro como instrumento pedagóxico para o desenvolvemento dos currículos.
- 33) Participar nos Contratos Programa EMOCIONA-T, CONVIVE-T, IGUALA-T e INCLÚE-T e nos Plans Proxecta NATURÉZATE, XENTE CON DON, PROXECTOS DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA (PVAD) e POR 365 DÍAS DE RESPECTO E IGUALDADE.



- 34) Continuar cos proxectos Furgolonga e Kartlonga desenvolvidos polo departamento de Automoción.
- 35) Promocionar a participación no programa Erasmus+ en colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra.
- 36) Realización do Foro de Innovación na FP de Automoción.
- 37) Aulas de emprendemento.
- 38) Clube de Ciencias
- 39) Participación no Plan Director nas liñas de Novas Tecnoloxías, Drogas e alcol, Acoso Escolar, Delitos de odio e discriminación, Violencia sobre a muller, Outras adicións (Videoxogos, apostas...), Orientación profesional PN/GC e Prevención de delitos sexuais.
- 40) Realización da II edición da Semana da Ciencia no IES de Vilalonga.



## II. HORARIO DO CENTRO

**ESO:** Polas mañás de luns a venres de 08:30 a 14:10 horas e a tarde do martes de 16:15 a 18:00 horas.

**Bacharelato:** Polas mañás de luns a venres de 08:30 a 14:10 horas e a tarde do martes de 16:15 a 18:00 horas.

**FP BÁSICA:** Polas mañás de luns a venres de 08:30 a 14:10 horas e a tarde do martes de 16:15 a 18:00 horas.

**Ciclos Formativos:** Polas mañás de luns a venres de 08:30 a 14:10 horas e polas tardes de luns a mércores de 16:15 a 18:00 horas.

**ESA:** luns e martes de 16:15 a 21:05 horas, mércores e xoves de 16:15 a 19:25 horas.

**Oferta Modular de Ciclos Formativos (horario titorías presenciais):** De luns a xoves de 19:00 a 22:30horas.

## III. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR



Segundo o establecido na *Instrución conxunta 1/2021* sobre transporte escolar, o alumnado con dereito a transporte, tendo en conta que todas as liñas do noso centro son integradas, é o seguinte:

**Ruta 1: 99PO0428**

Parada	ESO/CB
IES de Vilalonga	
Salgueiro do Mato	1
Altín	4
Telleiro	3
Quintanas	1
Colegio Lanzada	3
Raxeira	3
Mirasol	1
Totais	16

**Ruta 2: XG526-1**

Parada	ESO/CB
<b>Vilalonga (Campo de fútbol)</b>	
IES de Vilalonga	
Gondar	2
Reiniño- Troncoso	7
Vichona	5
Cachada	1
Bar Berlín	5
Casa Abel	5
Igrexa Nantes	10
Lores	1
Cruce Nantes	3
Simes-Vilariño	1
Totais	40

**Ruta 3: XG526-12**

Parada	ESO/FPB
<b>VILALONGA (CAMPO FÚTBOL) Non escolar</b>	
IES de Vilalonga	
Os caseiros	1
Soutullo	6





Pontes	6
Capela Aios	9

Transformador	3
Montalvo	1
Bar Castaño	1
Portonovo	2
Totais	29

**Ruta 4:XG526-13**

Parada	ESO/CB
IES de Vilalonga	
Arnosa	2
Casa Noiana	3
Vilalonga (Campo de fútbol)	2
Touticeira	3
Rouxique	8
O Freixo	4
Costiña	2
Totais	24

**Ruta 5:XG562-18**

Parada	ESO/CB
IES de Vilalonga	
Vilalonga (Campo de fútbol)	6
Cuartel	1
Tombelo	2
Revolta	2
Revolta Escolar	10
O Grove	3
O Grove E.A.	1
Totais	25

**Ruta 6:XG526-21**

Parada	ESO/CB
IES de Vilalonga	
O Vinquiño	3
Vimbieiro-Día	4
Fontoira	4
Baltar	3
Mercado Portonovo	5
Totais	19



**Ruta 7:XG526-12**

<b>Parada</b>	<b>ESO/CB</b>
Asturiana	4
Gondar de abaixo	1
Con Pedreiras	1
Dadín	1
Viliquín	1
Totais	8

Ademais contamos cun total de usuarios de transporte de Ciclos e Bacharelato (sen dereito de reserva de praza) distribuídos nas diferentes liñas.



#### IV. CALENDARIO XERAL DE AVALIACIÓNS

	<b>1º AVALIACIÓN</b>	<b>2º AVALIACIÓN</b>	<b>3º AVALIACIÓN E ORDINARIA</b>	<b>EXTRAORDINARIA ou FINAL (CICLOS)</b>
<b>E.S.O., 1º BACH, 1º FPB</b>	Ata o 21 de decembro. Sesións de avaliación do 13 ao 17 de decembro	Ata o 24 de marzo. Sesións de avaliación do 21 ao 24 de marzo	Ata o 9 de xuño. Sesións de avaliación do 6 ao 9 de xuño	Ata o 22 de xuño. Sesións de avaliación do 23 ao 24 de xuño
<b>1º CICLOS</b>	Ata o 21 de decembro. Sesión de avaliación 20 de decembro.	Ata o 25 de marzo. Sesión de avaliación 18 de marzo.	Ata o 8 de xuño. Sesión de avaliación entre o 9 e 10 de xuño	Ata o 17 de xuño. Avaliación entre o 20 e o 23 de xuño.
<b>2º BACHARELATO</b>	Ata o 3 de decembro. Sesión de avaliación o 9 de decembro	Ata o 25 de febreiro. Sesión de avaliación o 3 de marzo	Ata o 13 de maio. Sesión de avaliación o 18 de maio (datas pendentes de confirmación por parte da CIUG)	Ata o 22 de xuño. Sesión de avaliación entre o 23 e o 24 de xuño (datas pendentes de confirmación por parte da CIUG)
<b>2º FP BÁSICA</b>	Ata o 3 de decembro. Avaliación o 9 de decembro	Ata o 24 de febreiro. Sesión de avaliación o 24 de febreiro	Avaliación final de módulos 4 de abril	Avaliación entre o 20 e o 23 de xuño.
<b>2º CICLOS</b>	Ata o 21 de decembro. Sesión de avaliación 20 de decembro	Ata o 11 de marzo. Sesión de avaliación 21, 22 de marzo.		Avaliación entre o 20 e o 23 de xuño
<b>MÓDULO 3 ESA</b>	25 de novembro	3 de febreiro		5 de maio
<b>MÓDULO 4 ESA</b>	7 de abril	6-7 de xuño		20-22 de xuño

\*Provisionais, dependendo do calendario que publique a CIUG



## V. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A continuación presentamos as actividades propostas a principio de curso polos distintos Departamentos tal e como foron presentadas en Vicedirección.

### **Departamento de Administrativo**

- Visita a unha plataforma loxística para 2º CS de Administrativo.

### **Departamento de Automoción**

- Visita a Feira Edugal en Pontevedra
- Visita ó Campionato Skills 2024 en Silleda
- Visita a FP Innova en Santiago de Compostela.
- Visita a Uro e Mecanizados Compostela, Santiago de Compostela
- Visita a Exponor en Oporto.
- Visita a Castrosúa e a Industrias Guerra en Santiago e Arzúa.
- Visita a centro Tecnolóxico Aimén e Indugasa en O Porriño, P.Omnium
- Visita a Stellantis en Vigo, GKN, Salón do automóvil.
- Visita a Unvi, Faurecia, Cie Galfor. En Ourense.
- Visita a Museo Naval e Escuela de propulsión da Armada, O Ferrol.
- Visita a Museo do automóvil Angel Jove e Manuel Ferreira.
- Visita a Cesvimap e Cesvirecambios, en Ávila.
- Visita a Wolksvagen en Pamplona.
- Visita a Mercedes en Vitoria
- Visita a Renault en Valladolid e Palencia.
- Visita o extranxeiro en Marzo, ( Algunha delas)
  - *Feira do automóvil en Ginebra Suiza*
  - *Visita a Ferrari, Lamborghini, Maserati, Ducati e Pagani en zona de Bolonia e Florencia. Italia*
  - *BMW, Opel e Mercedes en Múnich, Stuttgart en Alemania.*



- Participación co equipo Kartlonga, no campionato Greenpower Iberia en distintas probas do calendario o longo do curso.
- Participación en proxectos de innovación con distintos centros de FP Galegos e nacionais que poden levar aparexados a visita do alumnado aos mesmos.
- Actividade de igualdade e integración da muller na mecánica básica.

### **Departamento de Bioloxía**

- 2º BACH bioloxía. Visita a unha industria láctea.
- 1º ESO bioloxía e xeoloxía (3º trimestre) visita ao complexo intermareal Umia - O Grove.
- 4º ESO bioloxía e xeoloxía. Visita a galiciencia.

### **Departamento de Educación Física**

- Organización de campeonatos a nivel internos de centro durante os recreos

### **Departamento de Filosofía**

#### 1. Denominación específica da actividade: Educar en Xustiza

Obxectivos: coñecer de cerca o funcionamento do sistema xudicial mediante a asistencia a algúnha sesión dun xuízo

Data/s, horario e lugar no que se desenvolverá: por determinar, en función do asignado polos organizadores (Consello Xeral do Poder Xudicial)

Alumnado participante (cursos/grupos implicados): 2º bacharelato, 4 alumnos  
Ética e filosofía do dereito

#### 2. Denominación específica da actividade: Olimpiada Filosófica

Obxectivos: aplicación a un tema concreto dos coñecementos adquiridos en filosofía mediante disertación, fotografía, vídeo ou dilema moral

Data/s, horario e lugar no que se desenvolverá.: por determinar

Alumnado participante (cursos/grupos implicados): Filosofía 1º bach (os cinco grupos) e Filosofía 4º ESO.

#### 3. Denominación específica da actividade: Concurso de debate Parlamento Xove

Obxectivos: mellorar a capacidade de debate e o traballo en grupo

Data/s, horario e lugar no que se desenvolverá: segunda e terceira avaliación,



lugar e horarios por determinar

Alumnado participante (cursos/grupos implicados); 4º de ESO Filosofía.

4. Denominación específica da actividade.: conferencias ou saídas a exposicións sobre temas relativos a filosofía, antropoloxía e psicoloxía. Busca entre a oferta que ofrezan as universidades ou outras entidades.

Obxectivos: ampliar as temáticas tratadas nas diferentes materias e achegar experiencias vitais e académicas que sirvan para ampliar os horizontes dos alumnos.

Data/s, horario e lugar no que se desenvolverá: por determinar

Alumnado participante (cursos/grupos implicados). Calquera dos que reciben docencia do departamento de filosofía.

### **Departamento de Francés**

-Viaxe a París de 6 días (ou outro destino francófono) a semana anterior ou a posterior ás vacacións de Semana Santa para os grupos de 4º ESO e 1º BAC.

-Asistencia á proxección dunha película en V.O. subtitulada a Vigo; actividade proposta pola Alianza francesa de Vigo co alumnado de 3º e 4º ESO e 1º e 2º BAC no mes de novembro.

-Calquera outra actividade que poida xurdir ao longo do curso e que nos pareza adecuada pedagóxicamente.

### **Departamento de Lingua Galega**

- Obradoiros de regueifas e saída ao encontro en Vigo con outros centros (actividade ofertada pola Deputación de Pontevedra).
- Actividades Samain. 1º ESO.
- Charla orgullo galego. 3º ESO
- Saída Culturalgal. 2º ESO
- Charla Arantza portabales. 1º BACH
- Charla Paula Carballeira. 4º ESO
- Intercambio epistolar con outro centro de Galicia. 3º ESO
- Saída a Padrón. 3º ESO
- Charla Manuel Núñez Singala. 3º ESO.
- Charla Raquel Castro. 1º ESO.
- Lecturas na radio do instituto sobre as letras galegas e outras actividades

sobre este día.

## **Departamento de Lingua Castelá**

- PODCAST. Elaboración dun texto argumentativo en audio que se enviará ao docente e se reproducirá na radio (alumnado 2º de Bacharelato).
- CONCURSO DE LETRAS PARÓDICAS DE CANCIÓS. Modificación de letras de cancións coñecidas cun contido paródico para entroido. Estará dirixido a todo o alumnado separado por niveis (1º e 2º de ESO, 3º e 4º de ESO e Bacharelato e ciclos).
- LECTURA DRAMATIZADA dun fragmento dun libro seleccionado polo alumno. (Data de realización: Semana das letras abril/maio).
- OUTRAS POSIBLES ACTIVIDADES:
  - Saída ao teatro.
  - Visita a Padrón Casa de Rosalía e Fundación Camilo José Cela (En colaboración co departamento de Lingua galega). 3º e 4º de ESO.

## **Departamento de FOL**

- Visitas a feiras de emprendemento e educación
- Visita a empresas para a familia profesinal de Automoción e Administración
- Charlas formativas sobre emprendemento
  - ◦ Cooperativismo
  - ◦ Emprendemento no rural
- Organización de Ideatón do emprendemento
- Organización de Escape room emprendemento
- Formación de profesorado en emprendemento
- Visita a viveiro de empresa
- Charlas de persoas emprendedoras de diferentes familias profesionais

## **Departamento de Inglés**

- Non achegaron programación de actividades.

## **Departamento Latín**

- Non achegaron programación de actividades.



## Departamento de Matemáticas

- Colaboración e participación na II Semana da Ciencia do centro.
- Conmemoración das seguintes datas: Día internacional da nena e muller na ciencia, Día internacional das Matemáticas.

## Departamento de Música

- Asistencia a **concertos didácticos** como os que se organizan en:
  - Auditorio de Galicia, de Santiago de Compostela,
  - Palacio da Ópera, A Coruña (Orquestra Sinfónica de Galicia),
  - Celanova.
- Como actividades complementarias, contémplanse as seguintes:
  - Concertos de alumnado.
  - Clases maxistras de músicos invitados polo Centro.

## Departamento Relixión

### 1. Viaxes didácticas do alumnado de Relixión:

- Unha viaxe con alumnado de 1º e/ou 2º e/ou 3º de ESO, no transcurso dunha mañá e unha tarde. A data prevista para a súa realización é o segundo trimestre, sen descartar que se poida realizar no terceiro trimestre.
- Unha viaxe co alumnado de 4º ESO e 1º e 2º de Bacharelato, no transcurso dunha mañá e unha tarde. A data prevista para a súa realización é o primeiro trimestre, sen descartar que se poida realizar no segundo trimestre.

### 2. Actividades coa Fundación Entreculturas.

- Participación en Novembro na Asemblea de comezo de curso
- Colaboración con diferentes asociacións e ONGs , organizando campañas no instituto
- En Abril Campaña Mundial Pola Educación
- Encontros ao longo do curso con outros institutos de Galicia.
- Obradoiros de formación relacionados ca solidariedade, xustiza, coidado do medio ambiente...
- Programaranse actividades de Aprendizaxe e Servicio Solidario que se irán definindo e cuxas datas se irán concretando ao longo do curso.

### 3. Viaxe didáctica de máis dunha xornada.





Atendendo á solicitude do alumnos e alumnas da materia de Relixión, que se amosan interesados e ilusionados por realizar unha viaxe didáctica con carácter convivencial, de fin de semana, a lugares xa visitados en cursos anteriores, este Departamento quere deixar aberta a posibilidade de organizar unha viaxe didáctica destas características sen descartar a posibilidade de viaxar a lugares novos para eles. Isto podería concretarse, por exemplo, coa realización dun pequeno tramo do Camiño de Santiago do Norte, facendo noite na zona de Mesía (A Coruña), visitada en ocasións anteriores.

#### 4. Outras actividades dentro da aula.

- Organización de charlas-coloquio sobre voluntariado, dentro do ámbito da clase. Para elo invitarase a participar a distintas persoas comprometidas no mundo do voluntariado e da acción social, sempre dándolle a estas actividades un enfoque cristián. Deixo aberta a posibilidade de que este tipo de actividades teñan unha proxección máis alá da aula en forma de pequeno compromiso, de cara a establecer unha colaboración con algunha ONG.
- Organización de charlas-coloquio de temática teolóxica, tratando temas como o diálogo fe-ciencia, diálogo crentes-non crentes e a presenza da relixión na cultura.
- Visitar ou montar exposicións no instituto sobre temática solidaria de organizacións non gobernamentais ligadas ou non á Igrexa Católica, ou sobre temática de cultura relixiosa.
- Tamén, se é posible, proporemos a realización dun concerto didáctico, con músicos que pola súa traxectoria persoal ou a súa orixe, estean preto de realidades de solidariedade e multiculturalidade

#### 5. Intercambios.

Plantexamos a posibilidade de facer saídas conxuntas co alumnado de Relixión doutros institutos. Plantexarase coma unha saída conxunta de dous ou máis institutos, na cal os alumnos e alumnas convivirán e visitarán lugares de intese histórico, artístico, natural, cultural e relixioso.

### **Departamento de Tecnoloxía**

- Conferencia “Que é iso do Big Data? Exemplos de uso “ (previsión o 19 de decembro. Dirixida ao alumnado de Tecnoloxías da Información e da Comunicación I e II)
- Conferencia “Intelixencia artificial de peto” (previsión o 15 de xaneiro. Dirixida ao alumnado de Tecnoloxías da Información e da Comunicación I e II)
- Conferencia ”Materiais intelixentes e outras aplicación (pendente de confirmación)” (Aínda por determinar. Dirixida ao alumnado de Tecnoloxía e

## Enxeñería I e II)

### Departamento de Xeografía e Historia

- Visita didáctica a Italia (2BAC alumnos de Historia da Arte) - 2º trimestre
- Visita a Campo Lameiro (1ºESO - Xeografía e Historia) - 2º ou 3º trimestre
- Visita didáctica á Illa de San Simón (4º ESO - Xeografía e Historia - en colaboración co Departamento de Galego)
- Visita a Santiago de Compostela ou algún tramo do Camiño de Santiago (2º ESO - Xeografía e Historia - 3º trimestre)
- Na materia de Proxecto Competencial (1º e 3º ESO) tentarase levar a cabo algunha saída didáctica a coñecer os recursos naturais do entorno do centro, aínda sen concretar.

### Departamento de Física e Química

Non achegaron programación de actividades.

### Departamento de Economía

Non achegaron programación de actividades.

### Departamento de Debuxo

- Participación en concursos relacionados coa propia materia o con outras áreas onde se poña en práctica o aprendido nas clases.
- Participación nas diferentes actividades realizadas e organizadas polo centro e que estean relacionadas coa materia e cos temas transversais.
- Visita a algunha exposición que se celebre na localidade e que sexa de interese para o alumnado.
- Outras visitas fóra da localidade e que, da mesma maneira, estean relacionados coa materia e cos temas propios de cada curso.
- Preparación de exposicións no recinto escolar e se fora posible nalgunha sala da localidade ou fora desta.
- Saída á contorna do instituto para practicar o debuxo do natural
- Saída a unha localidade ou espazo próximo para a realización de talleres e/ou unha reportaxe ( Vídeo-fotografía).
- Actividades complementarias dentro do centro dun día ou de variashoras. A miúdo un taller ten que ter unha consecución temporal seguida, polo que se organizarán actividades que amplíen os obxectivos das materias. Estas



actividades poden estar vinculadas tamén a outros departamentos polo que, si é o caso, pedirase a súa colaboración (actividades artesanais, cómic, etc).

- Participación en saídas, visitas, actividades conxuntas con outros Departamentos.

### **Departamento de Orientación**

-Charlas sobre diversidade e igualdade afectivo-sexual (CIM de Sanxenxo)-2º ESO

-Charlas sobre sexualidade (Quérote +)- 3º ESO e 1º FPB

-Charlas ABAU (USC)- 2º Bacharelato

-Visita a IGafa e CIFP Fontecarmoa- 2ºFPB e 4ºESO (itinerario FP)

-Charlas sobre TEA (Asociación Menela)- 1º ESO

-Visita a CIFP Carlos Oroza, IES de Montecelo e CIFP A Xunqueira- 2ºFPB e 4º ESO (itinerario FP)

-Charlas sobre discapacidade- 2º ESO  
Outras actividades establecidas polo centro educativo:

**II SEMANA DAS CIENCIAS** : exposicións, charlas e obradoiros de/sobre diferentes autores/as e actividades propostas polos departamentos de física e química, bioloxía e xeoloxía, tecnoloxía e matemáticas entre o **13 ao 17 de novembro**.

### **OUTRAS CELEBRACIÓNS:**

- **MAGOSTO**
- **SAMAÍN**
- **ENTROIDO**

## **VI. PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO**

ANEXO X

## **VII. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA**

Os obxectivos para o presente curso son:

- Seguir coa implantación do programa TIEMO “Titoría emocional”.
- Retomar o programa de titorización entre iguais (TEI) na ESO durante

as horas de titoría.

- Potenciar o sistema mediación profesorado-alumnado mediante o equipo de mediación e elaborar un plan para a Aula de Convivencia que dinamice o seu funcionamento como instrumento para a resolución e prevención de conflitos.
- Participación nos contrato Programas EMOCIONA-T, CONVIVE-T, IGUALA-T e INCLÚE-T.
- Participación no Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos. Intervención para 1º, 2º e 3º de ESO e FP Básica en temáticas relacionadas con Novas Tecnoloxías, Drogas e alcol, Violencia de Xénero e Acoso Escolar.
- Formación en igualdade e prevención da violencia de xénero a cargo do centro de información ás mulleres do concello de Sanxenxo, dirixido ao alumnado de ESO.

## **VIII. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

ANEXO VIII

## **IX. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO**

ANEXO I.

## **X. PROGRAMACIÓNS ANUAIS**

ANEXO II

## **XI. PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO**

ANEXO III

## **XII. PLAN LECTOR ANUAL**

ANEXO IV.



### **XIII. PROXECTO LINGÜÍSTICO**

ANEXO V.

### **XIV. PROXECTO DE ACTIVIDADES DO EDLG**

ANEXO VI.

### **XV. PROGRAMACIÓN FCT**

ANEXO VII

### **XVI. CLUBS DE LECTURA**

ANEXO XI.

### **XVII. NOFC**

ANEXO IX.

Vilalonga, a 17 de outubro de 2023

O DIRECTOR

Asdo. Rafael Arines Gago